



XUNTA
DE GALICIA

RESIDENCIA

LITE RARIA

PROGRAMA DE
RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS DO
GAIÁS / REGA24



RESIDENCIA:
DO 1 AO 13
DE XULLO

INSCRICIÓNS:
19 FEB—19 MAR
2024



RESIDENCIA LITERARIA DA CIDADE DA CULTURA 2024

REGA Programa de residencias artísticas do Gaiás

Inscripcións: ata o
19 de marzo

Residencia: do 1
ao 13 de xullo de
2024

A Residencia literaria da Cidade da Cultura é unha convocatoria enmarcada no programa de Residencias Artísticas do Gaiás (REGA) e deseñada para o apoio e acompañamento de escritoras e escritores emerxentes, baseado no intercambio de experiencias e a posta en común de coñecementos. É unha iniciativa especialmente concibida para mozas e mozos ata os 35 anos, pero aberta a aspirantes de todas as idades.

A Residencia literaria da Cidade da Cultura facilita ás autoras e autores noveis a disección do proxecto literario propio, ao tempo que lles invita a aprender da análise dos traballos das compañeiras e compañeiros. E moito máis ca iso: tamén da análise de lecturas relacionadas coa súa escrita, de charlas con autoras e autores de primeiro nivel ou de intercambios con outras disciplinas artísticas. Non menos importante, a Residencia literaria axudará ao crecemento persoal compartindo tempo e espazo con persoas moi diferentes cunha paixón en común: a literatura.

Na súa cuarta edición, a Residencia decorrerá do 1 ao 13 de xullo de 2024 na Cidade da Cultura. As persoas residentes contarán cun espazo de traballo en común no Gaiás, así como aloxamento e comidas en Santiago de Compostela durante a súa estada, a cargo da organización.

Dirixida polo escritor e profesor de escritura creativa Javier Peña, que participará en todas as actividades coas persoas residentes coa misión de coordinar e estimular os debates, o éxito da Residencia nace do compromiso activo das persoas participantes e da suma de voces.

Participarán tamén os escritores Brais Lamela —gañador do Premio «El Ojo Crítico» de RNE 2023 e antigo residente— e Irene Solà, unha das novas voces máis sobresaíntes da literatura en lingua catalá e castelá.

A Residencia literaria da Cidade da Cultura é un espazo para a escritura e o talento; é un espazo para falar e crear, para escoitar e ser escoitado, para aprender e compartir; é un espazo para criticar e ser eloxiado, para eloxiar e ser criticado. Queres unirte?

BIOGRAFÍAS



Irene Solà

Irene Solà (Malla, 1990) é autora de *Canto jo i la muntanya*

balla (Premio Libros Anagrama de Novela), traducida ao castelán (*Canto yo y la montaña baila*. Anagrama, 2019), o inglés, o francés, o alemán e o italiano, entre máis dunha vintena de linguas, e foi galardoada co European Union Prize for Literature e os premios Maria Àngels Anglada, Punt de Llibre de Núvol e Cálamo Otra Mirada. O seu libro de poemas *Bèstia* (Premio de Poesía Amadeu Oller; Galerada, 2012) foi publicado en edición bilingüe castelán-catalán por La Bella Varsovia e tamén traducido ao inglés e ao italiano. A súa primeira novela, *Els dics* (L'Altra Editorial, 2018), publicada en castelán en Anagrama co título *Los diques*, gañou o Premio Documenta 2017. A súa última novela *Et vaig donar ulls i vas mirar les tenebres* (*Te di ojos y miraste las tinieblas*) foi publicada en catalán e castelán por Anagrama.



Brais Lamela

Brais Lamela (Vilalba, Lugo, 1994) é escritor

en lingua galega e investigador. Actualmente vive en Nova York, onde realiza un doutoramento en Literatura na Universidade de Yale. Con dezasete anos, recibiu unha bolsa para cursar o Bacharelato Internacional en Italia e desde entón reside no estranxeiro. A súa primeira novela, *Ningún queda* (Editorial Euseino?, 2022), recibiu o Premio da Crítica de Narrativa Galega 2022, o Premio «El Ojo Crítico» de RNE de Narrativa en 2023 e foi nomeado aos premios Nollegiù e Cálamo ao libro do ano en 2023. *Ningún queda* foi traducida ao castelán (Cuatro Lunas, 2023, trad. de María Alonso Seisdedos) e ao catalán (Kalandraka, 2023, trad. de Eduard Velasco).



Javier Peña

Escritor, xornalista, divulgador

literario e profesor de escritura creativa, deuse a coñecer coa súa novela de debut, *Infelices* (Blackie Books, 2019), que foi elixida entre as mellores do ano por críticos de medios de comunicación como a Cadena SER, RNE, La Voz de Galicia ou Zenda. A *Infelices* seguiuulle unha segunda novela, *Agnes* (Blackie Books, 2021), que tamén se coou entre as mellores obras de narrativa do seu ano para medios como Esquire ou Forbes. Creador e coordinador das dúas edicións do Obradoiro de Novela Cidade da Cultura, que se celebraron en 2019 e 2020, deseñou tamén os talleres de Casa Blackie, que imparte en liña e xa celebraron dez edicións. No ano 2022 puxo en marcha o podcast *Grandes Infelices*, que no seu primeiro ano sumou máis de cen mil descargas e converteuse nun podcast literario de referencia en España e América Latina. Antes de dedicarse plenamente á narrativa, foi xornalista deportivo no Diario AS, asesor político na Xunta de Galicia e co-dirixiu a web cultural galega Inorantes (2018-2019). Javier Peña é o director da Residencia Literaria da Cidade da Cultura dende a súa primeira edición en 2021.

BASES PARA PARTICIPAR NA RESIDENCIA

1. Poden participar todas aquelas persoas nadas en Galicia ou que teñan Galicia como primeira residencia.
2. A Residencia literaria constará de **10 prazas**, das cales un mínimo de 8 estarán reservadas a persoas nadas en 1988 e anos posteriores. As dúas prazas restantes non contarán con límite de idade.
3. Seleccionaranse tamén 5 suplentes, en orde de prelación, para o caso de que algunha das 10 aspirantes declinase, en calquera momento, a súa participación. Todas as suplentes serán persoas nadas en 1988 e anos posteriores.
4. **As actividades da Residencia literaria celebraranse do luns 1 de xullo ao sábado 13 de xullo de 2024**, ambas datas incluídas, en horario de mañá e tarde, quedando libre para o descanso dos residentes o domingo 7 de xullo.
5. O aloxamento dos residentes nunha habitación individual durante 13 noites, dende a noite do 30 de xuño ata a noite do 12 de xullo, ambas incluídas, e os almorzos e comidas durante o devandito período correrán a cargo da organización.
6. As persoas participantes na Residencia comprométese a participar activamente en todas as actividades organizadas pola dirección da mesma, agás que mediase causa de forza maior; e a organización comprométese a que todas as actividades estean relacionadas directamente coa actividade literaria e cultural e poidan axudar ao seu crecemento como escritoras e escritores.
7. A Residencia literaria está concibida para o **desenvolvemento e mellora de proxectos persoais de narrativa**. Como tal, as persoas residentes comprométese a presentar un proxecto orixinal para o traballo e posta en común durante os días de residencia.
8. Todas as prazas da Residencia literaria estarán directamente vinculadas á presentación do devandito proxecto persoal.
9. Os proxectos orixinais deberán ser enviados ao correo residencialiteraria.cdc@xunta.gal antes do **19 de marzo de 2024, ás 15 horas**.
10. O envío deberá constar do **boletín de inscrición** debidamente cumprimentado cos datos persoais e de contacto, **copia do DNI ou certificado de empadramento**, un pequeno **Currículum Vitae** da persoa solicitante –con atención especial a aquelas experiencias relacionadas coa escritura–, un informe completo (máximo de 1.200 palabras) acerca do **proxecto a desenvolver** na Residencia, e una mostra de escritura (mínimo de 1.000 palabras, máximo de 2.000).
11. Os proxectos poden presentarse en galego ou castelán.
12. Todas as solicitudes valoraranse de forma individual e imparcial pola dirección da Residencia literaria.
13. Os proxectos que entrarán en valoración incluírán novelas de ficción, **novelas de non ficción (auto-ficción) e coleccións de relatos**.
14. O estado de desenvolvemento dos proxectos presentados pode ser completo (obra rematada inédita), intermedio (obra iniciada mais non completada) ou inicial (desenvolveuse a sinopse e o traballo previo, mais non se comezou a escrita, neste caso será preciso que as aspirantes xunten algún outro escrito da súa autoría para a valoración como se indica no punto 10).
15. As persoas participantes seleccionadas serán informadas a través do correo electrónico que faciliten na solicitude do resultado da mesma, o día **15 de abril de 2024**. Deberán confirmar a súa participación antes do transcurso de 7 días naturais despois desta notificación, do contrario procederase a informar ás suplentes na orde de prelación considerada no proceso de valoración.
16. Unha vez constituída e confirmada a relación de participantes, a dirección da Residencia literaria porase en contacto con eles vía correo electrónico para compartir os proxectos das outras residentes nos que se traballará en común, así como para a recomendación de lecturas para a súa análise en horario da Residencia literaria, comunicación de consideracións previas e outras indicacións que sexan necesarias.

**BASES PARA
PARTICIPAR NA
RESIDENCIA**

17. A dirección da Residencia literaria comprométese a facer un seguimento dos proxectos resultantes da mesma nos meses posteriores á súa celebración, así como a axudar a impulsar, no caso que procedese ou fose posible, a súa publicación.

18. As persoas seleccionadas que participen na Residencia literaria aceptan a gravación e difusión da súa imaxe a través de medios en soporte papel ou dixital, así como das diferentes redes sociais, con fins de divulgar e dar a coñecer a Residencia literaria e o programa de Residencias Artísticas do Gaiás, nesta ou en vindeiras edicións.

19. A participación na Residencia **supón a aceptación total destas bases.** A organización resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

RESIDENCIA LITERARIA DA CIDADE DA CULTURA 2024

INSCRICIÓNS:
ATA O 19 DE MARZO

RESIDENCIA:
DO 1 AO 13 DE XULLO DE 2024